

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasbetanzos.org; [blog: http://gdr29.blogspot.com/](http://gdr29.blogspot.com/); info@marinasbetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 10 DE XANEIRO DE 2011.

En Abegondo, a 10 de xaneiro de 2011, no Salón de Plenos do Concello de Abegondo sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. Antón Sánchez García, en representación da Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo, (Sindicato Labrego Galego).
- D. José Calo Faraldo, en representación da Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- José Manuel Amigo Santos, en representación da Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da Mesa Sectorial Asociacións Xuvenís e colectivos xuvenís (Asociación Xuventude e Natureza).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas (Asociación Cultural e Deportiva Val de Aranga).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais (Asociación de Empresarios de Culleredo).
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da mesa sectorial das Administracións Locais.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da mesa sectorial das Administracións Locais
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación
- D.Xose Uxío Rey Fernande , en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)

- D. Andres Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da mesa sectorial das Administracións Locais.
- D. Xoán Álvarez Llanaez, , en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña).
- D. Jorge M. Blanco Ballón, Xerente Programa LEADER 2007-2013. Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.
- Dna. Concepción Bonome González, técnica do Programa Leader. ADR Mariñas-Betanzos.
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da reunión de Xunta directiva do día 08 e 18 de novembro de 2010, por unanimidade.

2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER.

Informase sobre a situación dos fondos e táboa de compromisos do Programa Leader 2007-2013, según taboa anexa ao final.

| ANEXO 2: EVOLUCION DOS FONDOS COMPROMETIDOS NO PROGRAMA LEADER LISTADO COMPROMISOS LEADER(Xaneiro 2011) | | | | | | | | | |
|--|-----------------------|--|------------------|--|--------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|----------------------------------|
| MEDIDA | TOTAL FONDOS PÚBLICOS | ICES ENVIADOS A AGADER PARA VERIFICACIÓN | PERCENTAXE AXUDA | IMPORTE DE AXUDA SEN APROBACIÓN AGADER | IMPORTE DE AXUDA APROBADA POR AGADER | IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2011 | IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2012 | IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2013 | FONDOS PENDIENTES DE COMPROMETER |
| 411 (PRODUCTIVO) | 471.880,05 | EXPLOTACIÓN RAZA GALUÑA PIÑEIRA Nº 24 | 40,00% | 98.739,05 | 98.739,05 | 78.991,24 | | | |
| Anualidade 2011: 158.459,35.-€ | | RECUPERACIÓN GRANXA PRODUCCIÓN LEITE | | | | | | | |
| Anualidade 2012: 157.435,46.-€ | | BIOALUDABLE Nº 50 | 40,00% | 199.672,26 | 199.672,26 | 47.784,65 | | | |
| Anualidade 2013: 155.985,24.-€ | | | | | | | | | |
| | | TOTAL MEDIDA 411 | | 298.411,31 | 298.411,31 | 126.775,89 | | | 345.104,16 |
| 412 (NON PRODUCTIVO) | 283.128,03 | RESTAURACIÓN DE RÍOS DE LAVAR E MANANCIAS(75.171,75) Nº11 | 64,88% | 49.496,40 | 49.496,40 | | | | |
| Anualidade 2011: 95.075,61.-€ | | RESTAURACIÓN FORESTAL MONTE CASTELO | 63,81% | 9.781,49 | | | | | |
| Anualidade 2012: 94.461,28.-€ | | | | | | | | | |
| Anualidade 2013: 93.591,14.-€ | | TOTAL MEDIDA 412 | | 59.277,89 | 49.496,40 | | | | 283.128,03 |
| 413 (PRODUCTIVO) | 943.760,10 | PAPELERIA E SERVIZOS DE FOTOCOPIADORA EN OZA (32.226,11) Nº 2 | 41,50% | 13.371,35 | 13.371,35 | 4.269,19 | | | |
| Anualidade 2011: 316.918,70.-€ | | AMPLIACIÓN EMPRESA DE SERVIZOS NO MEDIO RURAL(69.827,59) Nº 3 | 26,00% | 18.155,17 | 18.155,17 | | | | |
| Anualidade 2012: 314.870,93.-€ | | CREACIÓN EMPRESA INTEGRAL TURISMO E SERVIZOS DE OCIO (169.873,45) Nº 4 | 31,00% | 52.598,77 | 52.598,77 | 34.622,34 | | | |
| Anualidade 2013: 311.970,47.-€ | | AMPLIACIÓN EMPRESA MAIORISTA DE PINTURAS (PROINDE) (542.845,47) Nº 14 | 36,00% | 195.352,37 | 195.352,37 | 29.705,20 | 24.880,48 | | |
| | | ZONA DE OCIO RECREATIVA E DE OCIO NATURAL NO MARTINETE(585.788,21) Nº 13 | 40,75% | 200.000,00 | 200.000,00 | 25.929,57 | 74.542,37 | | |
| | | NOVA ESCOLA INFANTIL NA LAGOA (355.274,60) Nº 17 | 44,00% | 156.320,82 | 156.320,82 | 125.056,66 | 31.248,53 | | |
| | | PROXECTO DIVULGATIVO DO SECTOR LACTEIO(133.775,67) Nº29 | 45,00% | 60.200,85 | 60.200,85 | 40.193,85 | 7.966,83 | | |
| | | MOD. DE EMPRESA DE SERVIZOS NO SECTOR FORESTAL(74.210,41) Nº18 | 28,10% | 20.867,97 | 20.867,97 | 8.149,98 | | | |
| | | MODERNIZACIÓN SERRADOIRO DE MADEIRA – CONST. NAVE Nº25 | 31,50% | 12.885,30 | 12.885,30 | | | | |
| | | CREACIÓN PERRUQUERÍA NOS CAMPOS Nº 27 | 35,50% | 7.523,01 | 7.523,01 | | | | |
| | | MODERNIZACIÓN CAMPING AGUIAR | 39,00% | 72.768,74 | 72.768,74 | | | | 72.768,74 |

| MEDIDA | | TOTAL FONDOS PÚBLICOS | ICES ENVIADOS A AGADER PARA VERIFICACIÓN | PORCENTAXE AXUDA | IMPORTE DE AXUDA SEN APROBACIÓN AGADER | IMPORTE DE AXUDA APROBADA POR AGADER | IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2011 | IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2012 | IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2013 | FONDOS PENDIENTES DE COMPROMETER |
|--|--|-----------------------|--|------------------|--|--------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|----------------------------------|
| MODERNIZACIÓN INDUSTRIA MELLORAS MEDIOAMBIENTAIS Nº34 | | | | 45,00% | 200.000,00 | 200.000,00 | 20.000,00 | 88.086,35 | | |
| POSTA EN MARCHA LABORATORIO GALIÑA PIÑEIRA Nº 57 (143.750,17-€) | | | | 44,50% | 63.968,83 | | | | | |
| CREACIÓN CENTRO DE DÍA NO CONCELLO DE ABEGONDO | | | | 45,00% | 163.418,68 | 163.418,68 | | 151.120,56 | 12.298,12 | |
| CREACIÓN GRANXA ESCOLA EN FOLGOSO | | | | | 116.379,31 | | | | | |
| CREACIÓN ESTUDO FOTOGRAFICO EN COIRO | | | | 42,50% | 7.523,65 | | | | | |
| AMPLIACIÓN CAMPO GOLF EN LARIN ARTEIXO | | | | 40,50% | 200.000,00 | | | | | |
| AMPLIACIÓN PLATAFORMA COMUNICACIONES EN ALIMENTAC. | | | | 27,00% | 9.949,77 | | | | | |
| MAIOR | | | | 40,50% | 50.345,43 | | | | | |
| AMPLIACIÓN EMPRESA FORESTAL EN ASPRA (TABEAIO-CARRAL) (34.237,29-€) | | | | 34,00% | 11.640,68 | | | | | |
| CREACIÓN RESTAURANTE EN VELOUZAS (PADERNE) | | | | 39,50% | 200.000,00 | | | | | |
| MODERNIZACIÓN CARPINTERIA DE MADEIRA(A MEDERA) | | | | 32,00% | 17.280,00 | | | | | |
| TALLER REPARACIÓN E ALUGUER DE BICICLETAS | | | | 35,50% | 3.195,00 | | | | | |
| MODERNIZACIÓN EMPRESA PROTESICO DENTAL | | | | 29,50% | 5.935,40 | | | | | |
| CREACIÓN CARPINTERIA EN CANAS | | | | 34,63% | 11.060,48 | | | | | |
| TOTAL MEDIDA 413 (PROD.) | | | | | 1.870.741,58 | 1.173.463,03 | 287.926,79 | 377.845,12 | 85.066,86 | 192.921,33 |
| 413 (NON PRODUTIVO) | | 188.752,02 | | | | | | | | |
| Anualidade 2011: 63.383,74-€ | | | | | | | | | | |
| Anualidade 2012: 62.974,19-€ | | | | | | | | | | |
| Anualidade 2013: 62.394,09-€ | | | | | | | | | | |
| AMPLIACIÓN REFUXIO DE ANIMAS(158.638,28), Nº 9 | | | | 50,00% | 79.319,14 | 79.319,14 | 79.311,21 | 0,00 | | |
| AULA DE INFORMÁTICA CENTRO CULTURAL CAMBÁS(108.521,58), Nº 16 | | | | 73,10% | 79.329,27 | 79.329,27 | 13.064,44 | | | |
| REFORMA LOCAL PARA AMPLIAR SERVICIOS (CRUZ VERMELLA)(69950,39) Nº 36 | | | | 46,32% | 60.950,30 | 60.950,30 | | | | |
| AULA NET CULTURA ABERTA | | | | 64,98% | 11.838,12 | | | | | |
| REFORMA DO PAVILLÓN ATENCIÓN INTEGRAL PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL (ASPACE) | | | | 50,00% | 250.000,00 | | | | | |
| ELABORACIÓN DE LIBRO SOBRE RECETAS GASTRONOMIA TRADICIONAL | | | | 50,00% | 8.816,52 | | | | | |
| AMPLIACIÓN CENTRO DÍA CON ZONA DE INTERVENCIÓN MULTISECTORIAL EN CULLEREDO (ASPANAES) (228.747,19-€) | | | | 52,15% | 119.291,66 | | | | | |
| TOTAL MEDIDA 413 (NON PROD.) | | | | | 609.545,01 | 219.598,71 | 92.375,65 | 0,00 | | 96.376,37 |
| TOTAL FONDOS 413 (Productivos e non productivos) | | 1.132.512,12 | | | | | 380.302,44 | 377.845,12 | 85.066,86 | 289.297,70 |
| Anualidade 2011: | | 380.302,44 | | | | | | | | |
| Anualidade 2012: | | 377.845,12 | | | | | | | | |
| Anualidade 2013: | | 374.364,56 | | | | | | | | |

Tamén infórmase da reunión coa REDER en Madrid, representando á Asociación de GDR,s de Galicia.

3.- INFORME PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDO. PROGRAMA LEADER 2007-2013:

3.1.1.-MEDIDA 412.-MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL

3.1.1.1.Posta en valor de fontes e lavadoiros en Abegondo:

Ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos memoria de solicitude de axuda para poñer en valor diferentes elementos do patrimonio arquitectónico, fontes e lavadoiros do Concello de Abegondo. O promotor do proxecto é a entidade local do Concello de Abegondo.

Este proxecto se quere levar a cabo de xeito conxunto entre os Concellos de Abegondo, Carral e Cesuras, xa que contan cun amplo patrimonio de fontes e lavadoiros, que na actualidade están en desuso e que poden contribuír a embelecer a paisaxe, ademais de potenciar un recurso tan necesario na vida como é a auga.

O proxecto consiste en poñer en valor elementos relacionados coa auga como son as fontes e lavadoiros do Concello de Abegondo, acompañada da identificación e protección das especies vexetais do entorno.

O investimento deste proxecto non productivo ascenden a 84.673,26-€ (71.757.-€ sen IVE).

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 1.1. Recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe do territorio, segundo a réxime de axudas e as fichas de elixibilidade da Medida “Mellora medioambiental e do contorno rural”

O proxecto acadaría unha puntuación de 72 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 78,97%, que resultaría 56.666,50.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO NON PRODUTIVO: 72 puntos

| | | |
|--|--------------------|-----------|
| 1. Ubicación xeográfica: | 1.-TOTAL: | 37 |
| 1.1. Características económicas do Concello | 1.1.-TOTAL: | 8 |
| 1.1.2: Concellos con IMRPF maior ao 90% e menor ou igual ao 93%.(Abegondo) | 8 | |
| 1.1.5:Concellos con IMRPF superior á media galega. | 0 | |
| 1.2. Características demográficas do Concello | 1.2.-TOTAL: | 9 |
| A.-Densidade de poboación | | |
| 1.2.2: Concellos cunha densidade de poboación entre o 51% e o 100% da media galega (Abegondo) | 4 | |
| 1.2.4:Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% según o IGE (Abegondo). | 5 | |
| 1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto | 1.3.-TOTAL: | 10 |
| 1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas. | 10 | |
| 1.4. Outros criterios xeográficos | 1.4.-TOTAL: | 10 |
| 1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC(Abegondo). | 5 | |
| 1.4.4 Proxectos desenvolvidos nunha zona plan de reequilibrio(Abegondo). | 5 | |
| 2. Características do promotor do proxecto: | 2 -TOTAL: | 10 |
| 2.3: Proxecto promovido por un concello ou unha Comunidade de Montes(non se valora por acadar a máxima puntuación) | 10 | |
| 3. Impacto sobre o territorio: | 3.-TOTAL: | 25 |
| 3.2: O proxecto contribúe á prevención de incendios forestais. Recuperación de entornos degradados. Actuacións que contribúen a mellorar os recursos hídricos. | 15 | |
| 3.7: O proxecto encaixa dentro de máis dunha liña definidas na estratexia do GDR ou está relacionado co tema central da AUGA. | 10 | |
| TOTAL | | 72 |

Os membros da Xunta Directiva acordan que este proxecto vaia acompañado do compromiso por parte do Concello da revisión periódica da potabilidade das augas, coa sinalización con letreiros desta circunstancia.

3.1.1.2.Posta en valor de fontes e lavadoiros no Concello de Carral:

Ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos memoria de solicitude de axuda para poñer en valor diferentes elementos do patrimonio arquitectónico, fontes e lavadoiros do Concello de Carral. O promotor do proxecto é a entidade local do Concello de Carral.

Este proxecto se quere levar a cabo de xeito conxunto entre os Concellos de Abegondo, Carral e Cesuras, xa que contan cun amplo patrimonio de fontes e lavadoiros, que na actualidade están en desuso e que poden contribuír a embelecer a paisaxe, ademáis de potenciar un recurso tan necesario na vida como é a auga.

O proxecto consiste en poñer en valor elementos relacionados coa auga como son as fontes e lavadoiros do Concello de Carral acompañada da identificación e protección das especies vexetais do entorno.

O investimento deste proxecto non produtivo ascenden a 87.622,08-€ (74.256-€ sen IVE).

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 1.1. Recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe do territorio, segundo a réxime de axudas e as fichas de elixibilidade da Medida “Mellora medioambiental e do contorno rural”

O proxecto acadaría unha puntuación de 59 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 63,81%, que resultaría 47.382,75.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO NON PRODUTIVO: 59 puntos

| | | |
|--|--------------------|-----------|
| 1. Ubicación xeográfica: | 1.-TOTAL: | 24 |
| 1.1. Características económicas do Concello | 1.1.-TOTAL: | 4 |
| 1.1.4: Concellos con IMRPF maior ao 97% e menor ou igual ao 100% (Carral) | 4 | |
| 1.1.5: Concellos con IMRPF superior á media galega. | 0 | |
| 1.2. Características demográficas do Concello | 1.2.-TOTAL: | 5 |
| A.-Densidade de poboación | | |
| 1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación entre o 101% e o 200 % da media galega (Carral) | 3 | |
| B.-Taxa de paro. | | |
| 1.2.1: Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE (Carral) | 2 | |
| 1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto | 1.3.-TOTAL: | 10 |
| 1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas. | 10 | |
| 1.3.4: Núcleos cunha poboación igual e superior a 2.500 persoas. | 0 | |
| 1.4. Outros criterios xeográficos | 1.4.-TOTAL: | 5 |
| 1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC(Carral) | 5 | |
| 2. Características do promotor do proxecto: | 2 -TOTAL: | 10 |
| 2.3: Proxecto promovido por un concello ou unha Comunidade de Montes(non se valora por acadar a máxima puntuación) | 10 | |
| 3. Impacto sobre o territorio: | 3.-TOTAL: | 25 |
| 3.2: O proxecto contribúe á prevención de incendios forestais. Recuperación de entornos degradados. Actuacións que contribúen a mellorar os recursos hídricos. | 15 | |
| 3.7: O proxecto encaixa dentro de máis dunha liña definidas na estratexia do GDR ou está relacionado co tema central da AUGA. | 10 | |
| TOTAL | | 59 |

Os membros da Xunta Directiva acordan que este proxecto vaia acompañado do compromiso por parte do Concello da revisión periódica da potabilidade das augas, coa sinalización con letreiros desta circunstancia.

3.1.1.3. Posta en valor de fontes e lavadoiros no Concello de Cesuras:

Ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos memoria de solicitude de axuda para poñer en valor diferentes elementos do patrimonio arquitectónico, fontes e lavadoiros do Concello de Cesuras. O promotor do proxecto é a entidade local do Concello de Cesuras

Este proxecto se quere levar a cabo de xeito conxunto entre os Concellos de Abegondo, Carral e Cesuras, xa que contan cun amplo patrimonio de fontes e lavadoiros, que na actualidade están en desuso e que poden contribuír a embelecer a paisaxe, ademáis de potenciar un recurso tan necesario na vida como é a auga.

O proxecto consiste en poñer en valor elementos relacionados coa auga como son as fontes e lavadoiros do Concello de Cesuras acompañada da identificación e protección das especies vexetais do entorno.

O investimento deste proxecto non produtivo ascenden a 84.673,26-€ (71.757-€ sen IVE).

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 1.1. Recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe do territorio, segundo a réxime de axudas e as fichas de elixibilidade da Medida “Mellora medioambiental e do contorno rural”

O proxecto acadaría unha puntuación de 74 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 81,30%, que resultaría 58.338,44.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO NON PRODUTIVO: 74 puntos

| | | |
|--|--------------------|-----------|
| 1. Ubicación xeográfica: | 1.-TOTAL: | 39 |
| 1.1. Características económicas do Concello | 1.1.-TOTAL: | 10 |
| 1.1.1: Concellos con IMRPF menor ou igual a 90%(Cesuras) | 10 | |
| 1.2. Características demográficas do Concello | 1.2.-TOTAL: | 9 |
| A.-Densidade de poboación | | |
| 1.2.1: Concellos cunha densidade de poboación igual ou inferior ao 50% da media galega.(Cesuras) | 5 | |
| B.-Taxa de paro. | | |
| 1.2.3:Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 10% e inferior ao 12% según o IGE(Cesuras). | 4 | |
| 1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto | 1.3.-TOTAL: | 10 |
| 1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas. | 10 | |
| 1.4. Outros criterios xeográficos | 1.4.-TOTAL: | 10 |
| 1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC(Cesuras). | 5 | |
| 1.4.4 Proxectos desenvolvidos nunha zona plan de reequilibrio(Abegondo). | 5 | |
| 2. Características do promotor do proxecto: | 2 -TOTAL: | 10 |
| 2.3: Proxecto promovido por un concello ou unha Comunidade de Montes(non se valora por acadar a máxima puntuación) | 10 | |
| 3. Impacto sobre o territorio: | 3.-TOTAL: | 25 |
| 3.2: O proxecto contribúe á prevención de incendios forestais. Recuperación de entornos degradados. Actuacións que contribúen a mellorar os recursos hídricos. | 15 | |
| 3.7: O proxecto encaixa dentro de máis dunha liña definidas na estratexia do GDR ou está relacionado co tema central da AUGA. | 10 | |
| TOTAL | | 74 |

Os membros da Xunta Directiva acordan que este proxecto vaia acompañado do compromiso por parte do Concello da revisión periódica da potabilidade das augas, coa sinalización con letreiros desta circunstancia.

3.2.1.-MEDIDA 413: DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

3.2.1.1.Modernización carpintería de madeira: L10-41300-29-0070

Con data 18 de novembro de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a modernización dunha carpintería en Carral. O promotor do proxecto é a sociedade civil Carpintería A Meedeira S.C.constituída no ano 2004 e xestionada por dúas persoas mozas. O proxecto consiste na modernización da carpintería para poder fabricar fiestras de madeira e galerías que coa actual maquinaria non poden facer.

O proxecto consiste na adquisición dunha escuadradora, encoladora e regueso para a fabricación de fiestras e galerías.

Esta modernización contribuirá ó crecemento da empresa, así como fortalecer a súa área de negocio.

O investimento deste proxecto ascenden a 63.720.-€ (54.000.-€ sen IVE).

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 1.2 Modernización de empresas dentro da medida 413.Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

A innovación deste proxecto consiste na creación dun novo produto, a fabricación de fiestras e galerías de antano con ferramentas actuais e que poidan competir no mercado actual.

O proxecto contribuiría a consolidar os dous empregos dos promotores.

O proxecto acadaría unha puntuación de 44 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 32%, que resultaría 17.280.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 44 puntos

EXPEDIENTE L10-41300-29-0070 Modernización carpintería de madeira.

| | | |
|---|--------------------|-----------|
| 1. Ubicación xeográfica: | 1.-TOTAL: | 24 |
| 1.1. Características económicas do Concello | 1.1.-TOTAL: | 4 |
| 1.1.4: Concellos con IMRPF maior ao 97% e menor ou igual ao 100% (Carral) | | 4 |
| 1.2. Características demográficas do Concello | 1.2.-TOTAL: | 5 |
| A.-Densidade de poboación | | |
| 1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación entre o 101% e o 200 % da media galega (Carral) | | 3 |
| B.-Taxa de paro. | | |
| 1.2.1:Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE (Carral) | | 2 |
| 1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto | 1.3.-TOTAL: | 10 |
| 1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas. (Ans de Tellado) | | 10 |
| 1.4. Outros criterios xeográficos | 1.4.-TOTAL: | 5 |
| 1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC(Carral) | | 5 |
| 2. Características do promotor do proxecto: | 2.-TOTAL: | 10 |
| 2.2: Proxecto promovido por unha persoa moza ou por unha entidade onde o 50% dos socios/as son mozos. | | 5 |
| 2.7. Compromiso do uso do idioma galego. | | 5 |
| 3. Incidencia do emprego: | 3.-TOTAL: | 0 |
| 4. Impacto sobre o territorio: | 4.-TOTAL: | 10 |
| 4.1. Capacidade de arrastre do proxecto | 4.1.-TOTAL: | 0 |
| | 4.2.-TOTAL: | 0 |
| 4.2. Incidencia medioambiental | | |
| 4.3. Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio | 4.3.-TOTAL: | 10 |
| 4.3.2: O proxecto define un Plan de Igualdade na xestión empresarial do persoal. | | 5 |
| 4.3.3: Modernización da actividade creando un novo produto | | 5 |
| PUNTUACIÓN TOTAL: | | 44 |

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación, a Agader.

3.2.1.2.Taller de reparación e aluguer de bicicletas: L10-41300-29-0080

Con data 02 de decembro de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a creación dun taller de reparación e aluguer de bicicletas no núcleo de Galiñeiros en Cecebre (Concello de Cambre). O promotor do proxecto, Brais Chas Gestal é unha persoa moza menor de 18 anos, ciclista e que participa en competicións. É coñecedor do mundo do ciclismo dende moi pequeno e tamén é coñecedor das rutas ciclistas do Concello de Cambre cercanas ó lugar onde se vai implantar o servizo frecuentado por persoas que queren disfrutar deste deporte e considera que pode aportar un servizo de arranxo e aluguer de bicicletas no lugar.

O proxecto crearía o propio emprego do promotor.

O proxecto consiste na adquisición de bicicletas para o aluguer, a instalación duns aparcadoiros para as bicicletas, un letreiro luminoso, ferramentas, caixa rexistradora, ordenador e licenzas.

O investimento deste proxecto ascende a 10.620-€ (9.000.-€ sen IVE).

A innovación deste proxecto consiste en ofrecer un servizo de aluguer e arranxo de bicicletas non existente no núcleo de poboación Galiñeiros no Concello de Cambre.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 3.2. Apoio á creación de servizos para a mellora da calidade de vida no rural e na liña 2.1. Apoio á creación mantemento e divulgación de pequenas infraestruturas’

O proxecto acadaría unha puntuación de 51 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 35,5%, que resultaría 3.195.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 51 puntos

| | | |
|---|--------------------|-----------|
| 1. Ubicación xeográfica: | 1.-TOTAL: | 14 |
| 1.1. Características económicas do Concello | 1.1.-TOTAL: | 0 |
| 1.1.1: Concellos con IMRPF menor ou igual a 90% | | |
| 1.2. Características demográficas do Concello | 1.2.-TOTAL: | 4 |
| B.-Taxa de paro. | | |
| 1.2.3:Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 10% e inferior ao 12% según o IGE (Cambre) | | 4 |
| 1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto | 1.3.-TOTAL: | 10 |
| 1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas. (Galiñeiros) | | 10 |
| 1.4. Outros criterios xeográficos | 1.4.-TOTAL: | 0 |
| 2. Características do promotor do proxecto: | 2.-TOTAL: | 10 |
| 2.2: Proxecto promovido por unha persoa moza ou por unha entidade onde o 50% dos socios/as son mozos. | | 5 |
| 2.7. Compromiso do uso do idioma galego. | | 5 |
| 3. Incidencia do emprego: | 3.-TOTAL: | 9 |
| 3.1. Por creación de emprego. | | 5 |
| 3.2. Por creación de emprego colectivos desfavorecidos. | | 4 |
| 4. Impacto sobre o territorio: | 4.-TOTAL: | 18 |
| 4.1. Capacidade de arrastre do proxecto | 4.1.-TOTAL: | 8 |
| 4.1.2: Utilización de insumos-provedores do territorio na realización da inversión (10% mínimo) | | 4 |
| 4.1.3: Iniciativa de nova creación. | | 4 |

| | | | |
|---|--------------------|-----------|-----------|
| 4.2. Incidencia medioambiental | 4.2.-TOTAL: | 10 | |
| 4.2.1: O proxecto utiliza enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético. | | 10 | |
| 4.3. Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio | 4.3.-TOTAL: | 0 | |
| PUNTUACIÓN TOTAL: | | | 51 |

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación, a Agader.

3.2.1.3.Modernización empresa protésico-dental en Carral: L10-41300-29-0082

Con data 27 de decembro de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a modernización dunha empresa protésico-dental en Carral que leva 5 anos en funcionamento. O promotor do proxecto é a persoa física Oscar Brandaríz-Sánchez.

O promotor é unha persoa de 35 anos, que creou o seu propio emprego adicándose a elaboración de prótesis dentais coas ferramentas mínimas necesarias e onde na actualidade ten creado un posto de traballo máis. Nesta fase de consolidación da empresa e incremento da demanda, vexa na necesidade de ofrecer un produto de maior calidade para o que necesita contar con ferramentas máis sofisticadas.

O proxecto consiste na adquisición dun compresor, unha gelatinadora e dun mini-laser.

Esta modernización contribuirá ó crecemento da empresa e a ofrecer un novo produto de máis calidade dende o rural.

O investimento deste proxecto ascenden a 23.741,60-€ (20.120.-€ sen IVE).

A innovación deste proxecto consiste na creación dun produto de maior calidade que o actual completando o ciclo de produción.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 1.2 Modernización de empresas dentro da medida 413.Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

O investimento reforzaría e consolidaría o emprego do promotor.

O proxecto acadaría unha puntuación de 39 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 29,5%, que resultaría 5.935,40.-€ de axuda.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 39 puntos

| | | |
|---|--------------------|-----------|
| 1. Ubicación xeográfica: | 1.-TOTAL: | 24 |
| 1.1. Características económicas do Concello | 1.1.-TOTAL: | 4 |
| | 1.2.-TOTAL: | 5 |
| 1.2. Características demográficas do Concello | | |
| A.-Densidade de poboación | | |
| 1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación entre o 101% e o 200 % da media galega (Carral) | | 3 |
| B.-Taxa de paro. | | |
| 1.2.1:Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE (Carral) | | 2 |
| 1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto | 1.3.-TOTAL: | 10 |
| 1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas. (núcleo diseminado -A Bailía) | | 10 |
| | 1.4.-TOTAL: | 5 |
| 1.4. Outros criterios xeográficos | | |
| 1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC(Carral) | | 5 |
| 2. Características do promotor do proxecto: | 2.-TOTAL: | 10 |
| 2.2: Proxecto promovido por unha persoa moza ou por unha entidade onde o 50% dos socios/as son mozos. | | 5 |
| 2.7. Compromiso do uso do idioma galego. | | 5 |
| 3. Incidencia do emprego: | 3.-TOTAL: | 0 |

| | | |
|---|--------------------|-----------|
| 4. Impacto sobre o territorio: | 4.-TOTAL: | 5 |
| 4.2. Incidencia medioambiental | 4.2.-TOTAL: | 0 |
| 4.3. Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio | 4.3.-TOTAL: | 5 |
| 4.3.3: Modernización da actividade creando un novo produto | | 5 |
| Puntuación total: | | 39 |

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación, a Agader.

Os membros da Xunta Directiva acordan crear unha Comisión para elaborar propostas de novos baremos.

4.-SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

4.1. Proxectos aprobados por AGADER Programa LEADER 2007-2013:

4.1.1. Modernización cámping Aguiar (Bergondo)(L10-41300-29-0033).

Con data 16 de marzo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR unha solicitude de axuda para a modernización do cámping Aguiar en Bergondo. (Nº expediente: L10-41300-29-0033)

O proxecto consiste na modernización do cámping, sito na parroquia de Moruxo (Bergondo), con desenvolvemento de novos servizos relacionados co turismo rural (aluguer de bicicletas, visitas guiadas, etc.). Ademais modernizaríanse os servizos comúns do cámping.

Con esta iniciativa de carácter produtivo se crearía o emprego da propia promotora (muller). Ademais poñerían en marcha un punto de venda de produtos artesanais do territorio.

Con data 03 de xaneiro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos ascenden a 210.620,94.-€ (186.586,50.-€ sen IVE) e consisten:

-Obra civil: 137.007,03.-€

-Acondicionamento exterior: 29.316,18.-€

-Equipamento: 3.448,28.-€

-Licencias e permisos: 5.330,01.-€

-Elaboración proxecto: 11.335.-€

-Placa Leader: 150.-€

Este proxecto acadou un total de 58 puntos, correspondéndolle un 39% de axuda, resultando un importe de 72.768,74.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 186.586,50.-€ elixible.

A Xunta Directiva deberá efectuar a proposta de resolución, de xeito motivado, para ser posteriormente remitida á Dirección Xeral de AGADER.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que este proxecto de modernización dun cámping, vai poñer en valor un cámping que non podería competir no mercado actual se non se levara a cabo estas actuacións, e contribuír a dinamizar o turismo da zona.

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader

4.2.Proposta de modificación de partidas respecto ó proxecto “Accións formativas vinculadas á aplicación da estratexia (L10-43100-29-B002)”.

Vendo que a maioría dos proxectos de Programa Leader 2007-2013 que se están financiando na actualidade están situados nos lugares menos rurais, o presidente considera que habería que facer un esforzo suplementario para que xurdiran iniciativas no rural. Os membros da Xunta Directiva propoñen que se fagan charlas divulgativas no rural tendo en conta persoas o entidades que poidan ter influencia (o cura, explotacións de flor e horta...).

Tendo en conta que a Asociación Mariñas-Betanzos ten aprobado un expediente para accións formativas vinculadas á aplicación da estratexia (L10-43100-29-B002) por importe de 15.000.-€ e que na actualidade aínda quedan 10.000.-€ pendentes de executar, os membros da Xunta Directiva acordan utilizar estes fondos para financiar os custos das charlas divulgativas no rural. Por outra banda, o Estudo da Vía Romana XX financiado na maior parte cos fondos da Deputación, tamén podería cofinanciarse con este proxecto.

A Xunta Directiva, acorda imputar as nóminas do xerente referidas as actuacións de divulgación e o estudo da Vía Romana XX na parte non financiada pola Deputación a este expediente, o que suporía unha modificación da resolución de concesión.

Procederá solicitarse a Agader a modificación da resolución de concesión do expediente.

4.3.APERTURA DO EXPEDIENTE “L11-41300-29-B003 ACCIÓNES FORMATIVAS SOBRE AS RESERVAS DA BIOSFERA.

Tendo iniciado dentro das actuacións ambientais o Informe Previo sobre posible Candidatura de Reserva da Biosfera no territorio, podería completarse este proceso coa realización de visitas a outras Reservas existentes na actualidade que aportarían ideas interesantes á Xunta Directiva, buscando territorios semellantes (visitas das Reservas da Biosfera de Menorca, Palma e Reserva da Biosfera da Serra das Neves en Granada).

Para a financiar estas actuacións acordase solicitar a Agader a apertura dun novo expediente LEADER por importe de 15.000 euros. Detalle dos gastos deste proxecto:

1. Custo viaxes: desprazamento, manutención e aloxamento dos membros da Xunta Directiva e o equipo técnico da Asociación Mariñas-Betanzos, ás Reservas da Biosfera: 12.000.-€
2. Custo Xornadas temáticas (xestión, auga, posta en valor de recursos, marcas de calidade, etc): desprazamentos, manutención e aloxamento dos poñentes. Custos de difusión das xornadas: 3.000.-€

Os membros da Xunta Directiva aproban estas actuacións e ademáis propoñen que a programación das visitas non se fagan ata a última metade do ano.

5.-CONVOCATORIA DE AXUDAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, DE PROGRAMAS DIRIXIDOS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2011.

Con data 22 de decembro de 2010, se publica no BOP a convocatoria de axudas da Deputación Provincial da Coruña de programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica do ano 2011.

Na presente convocatoria márcase como obxectivos de carácter xeral, a mellora da xestión e organización de actividades e equipamentos. Son prioritarias as accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico e o fomento do emprego, a execución de obras ou equipamentos de interese xeral no ámbito parroquial, municipal ou comarcal como poden ser saneamento, abastecemento de auga, camiños, iluminación pública, acondicionamento e posta en valor de elementos da nosa arquitectura popular como son os adros, fontes, muíños e cruceiros, a promoción turística, o apoio ao comercio, estimulando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e distribución, e o apoio a congresos, xornadas e seminarios relacionados coa promoción económica da provincia.

No ano pasado, Mariñas-Betanzos recibiu unha axuda de 3.998.-€ para a “Posta en valor da vía Romana XX”.

A Xunta Directiva acorda que se continúe a segunda fase do proxecto da Vía Romana XX nesta convocatoria, delegando no presidente da Asociación Mariñas-Betanzos, Don José Antonio Santiso Miramontes o seu desenvolvemento.

Por outra banda se algún membro da Xunta Directiva ten algún proxecto que poida encadrar nestas axudas que o comunique ao equipo técnico.

6.-DENEGACIÓN AXUDA DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.

Con data 07 de maio de 2010, a Asociación Mariñas-Betanzos solicitou unha subvención á Consellería de Traballo e Benestar para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2010 e 2011 de programas integrados de emprego, co título de “Agroemprego”e que pretendía formar a desempregados para incorporalos posteriormente á actividade agraria.

Con data 20 de decembro de 2010 recíbese a resolución de denegación da axuda da Consellería de Traballo e Benestar por incumprimento do requisito previsto no artigo 16.c) da Orde do 29 de marzo de 2010 das bases reguladoras. O dito artigo establece o seguinte: “O número de desempregados que se van a atender non será, con carácter xeral inferior a 100, salvo nos casos que non se alcance a porcentaxe de perceptores de prestación por desemprego. En ningún caso será inferior a 60”.

7.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO ANTE A DIRECCIÓN XERAL DE AGADER RESPETO DO PROXECTO “ESTUDO PARA A POSTA EN VALOR DA VÍA ROMANA XX PER LOCA MARÍTIMA (D10-323 1086)”

O 15 de setembro de 2010 o Director Xeral de Agader resolveu desfavorablemente a axuda solicitada para a financiación do proxecto “Estudo para a posta en valor da vía romana XX Per Loca Marítima (D10-323 1086)”.

A Xunta Directiva da Asociación Mariñas-Betanzos, reunida o día 11 de outubro de 2010, acordou presentar recurso de reposición contra a resolución de denegación do proxecto anterior.

O 10 de novembro de 2010 recíbese na Asociación, a resolución ó recurso de reposición interposto anteriormente, ratificándose na resolución de concesión inicial polos motivos que a continuación se expoñen:

Nos termos previstos na medida V (conservación e mellora do patrimonio natural) das bases reguladoras e, que a este caso afectan, serán actividades subvencionables as seguintes:

- Investimentos relativos á restauración, mellora e posta en valor do patrimonio etnográfico e cultural, tales como museos, accións da posta en valor de recursos arqueolóxicos (exceptuando a intervención arqueolóxica sobre o ben), recuperación de construcións de interese arquitectónico, etnográfico e cultural.
- Sobre o concepto de investimento, o artigo 55 do Regulamento 1974/2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento Feader, establece que no caso de investimentos, os gastos subvencionables limitaranse a:
 - a) construción, adquisición ou mellora de inmobles.
 - b) compra, o arrendamento-compra de nova maquinaria e equipo(...).
 - c) custos xerais vinculados aos gastos contemplados nas letras a) e b) tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, estudos de viabilidade ou adquisición de patentes ou licenzas.

Polo tanto, no marco da medida V das bases reguladoras é viable a subvencionabilidade de estudos, tal e como se prevé no artigo 55 c), sempre que estes aparezan vinculados a gastos de investimento dos previstos nas letras a) e b), pero non cando os ditos estudos se presenten como un proxecto único.

O proxecto non estaba conforme coas bases da convocatoria e non pasou á fase de baremación, quedando descartado na fase inicial do procedemento de instrución por non adecuarse aos requisitos esixidos nas bases da convocatoria para a súa subvencionabilidade.

8.-RENOVACIÓNS DOS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN MARIÑAS-BETANZOS.

Nos estatutos da Asociación Mariñas-Betanzos establece que a Xunta Directiva renovarase cada 2 anos, podendo ser reelixidos por dous mandatos.

Os membros da Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial. Terá como mínimo un representante por mesa sectorial . O número de representantes do sector privado ten que ser superior ó sector público.

Mesas sectoriais da Asociación Mariñas-Betanzos e número de representantes:

- a.-Mesa sector agrario, gandeiro e cooperativo (3).
- b.-Mesa sector forestal e da Madeira (1).
- c.-Mesa de Asociacións e Colectivos de Mulleres (1).
- d.-Mesa de Asociacións xuvenís e colectivos xuvenís (1).
- e.-Mesa de Asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, ANPAS (3).
- f.- Mesa de Artesanía (1).
- g.-Mesa de Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza. (1).
- h.-Mesa do sector de turismo e hostalería(1) .
- i.-Mesa de Asociacións de empresarios multisectoriais (1).
- j.-Mesa do sector Institucional(2).
- k.-Mesa da Administracións locais(8).
- l.-Mesa da pesca, marisqueo, acuicultura(1).
- ll.-Mesa colectivos de Interese Social, discapacidade e ONG,s(2).

Os actuais membros da Xunta Directiva foron elixidos o 23 de xullo de 2008. Transcorridos os dous anos de mandato, é necesario convocar eleccións para a renovación dos membros da Xunta Directiva.

Propónse reunir ás Mesas Sectoriais, e traballar a elección de membros ao mesmo tempo que os proxectos de cooperación, para ser ratificados na Asemblea Xeral de principios deste ano 2011.

Os membros da Xunta Directiva acordan que se faga a Asemblea Xeral despois das eleccións (22 de maio).

9.-ROGOS E PREGUNTAS.

Os proxectos de implantación del Lúpulo e creación de planta de transformación presentado por LUTEGA leva tempo sen poder ser evaluado por non remitir a documentación necesaria para a elaboración do ICE.

Os membros da Xunta Directiva acordan que o equipo técnico de Mariñas-Betanzos contacte con Ricardo Rilo de LUTEGA para que informe sobre a continuación o desestimento da solicitude de axuda presentada.

En Abegondo, a 10 de xaneiro de 2011

A Secretaria
Asdo.: Dna Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente
Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes